


CPI DE ATIOS



1. CONTEXTUALIZACIÓN

1.1.0 centro escolar

1.2. Situación e entorno.

1.3 O noso alumnado.

1.4 Descrición do centro

1.5 Infraestrutura de persoal

2. GRUPO DE TRABAJO:

O teatro como estratexia docente

3. OUTRAS EXPERIENCIAS

3.1 Teatro con G

3.2 Recitado de poesía Carvalho Calero

3.3 Representacións teatrais do alumnado

3.4 Kamishibai

3.5 Obras con monicreques

3.6 Contacontos

3.7 Lecturas dramatizadas

3.8 Asistencia a espectáculos teatrais

1.1.0 CENTRO ESCOLAR

Datos e identificación do centro.

- ✓ **Denominación:** Centro Público Integrado de Valdoviño
 - ✓ **Enderezo:** Avda. San Sadurniño 33
 - ✓ **Localidade:** Valdoviño
 - ✓ **Código da localidade:** 15552
 - ✓ **Concello:** Valdoviño **Provincia:** A Coruña
 - ✓ **Código do Centro:** 15018148
 - ✓ **Teléfono:** 881 938 107
 - ✓ **Correo:** cpi.atios@edu.xunta.gal
- ✓ **Páxina web:** <http://www.edu.xunta.es/centros/cpiatios/>

1.2. Situación e entorno.

O CPI de Atios está situado á beira da estrada que comunica Valdoviño con San Sadurniño, na Avda. de San Sadurniño nº 33 no lugar de **Atios de Arriba**. Está na parte alta do núcleo de poboación que forma a capital do Concello o que permite gozar dunha das mellores vistas da **praia e lagoa da Frouxeira**.



1.3. O noso alumnado

A procedencia do noso alumnado é a seguinte:

- Un **65%** aproximadamente procede das parroquias máis próximas á capital municipal:
Meirás, Lago, Valdoviño, Sequeiro, San Bartolo e Aviño.
- O **35%** restante de ***Pantín, Vilarrube, Loira e Vilaboa.***
- Este ano incrementouse o número de alumnado procedente de concellos próximos como
Narón, Cedeira e Ferrol entre outros.

A maioría dos nenos e nenas do noso centro falan maioritariamente o castelán en educación infantil. Hai unha relación moi directa entre os resultados escolares do alumnado e o nivel cultural das familias.

Tanto o absentismo escolar como a puntualidade son, en xeral, satisfactorios.

En demasiados casos, e debido a motivos de traballo das familias, moito alumnado pasa o tempo de lecer só, a cargo de irmáns maiores ou de avós

1.4. Descripción do centro

O CPI de Atios, catalogado na Rede de Centros como centro de:

3 unidades de Educación Infantil

12 unidades de Educación Primaria

8 unidades de ESO

A día de hoxe está a funcionar con:

3 unidades de Ed. Infantil,

12 unidades de Ed. Primaria

10 unidades de ESO

(incluíndo o *Programa de Diversificación Curricular de 4º de ESO.*)

1.5 Infraestructura de persoal

- . No curso actual, o CPI de Valdoviño ten **502 alumnos e alumnas**.
O claustro está composto por **50 membros**

Educación Infantil			Educación primaria											
4ºA	5ºA	6ºA	1ºA	1ºB	2ºA	2ºB	3ºA	3ºB	4ºA	4ºB	5ºA	5ºB	6ºA	6ºB
22	25	20	15	14	21	20	23	22	23	22	19	18	26	25
67			248											

Educación secundaria									
1ºA	1ºB	2ºA	2ºB	3ºA	3ºB	3ºC	4ºA	4ºB	4ºPDC
26	27	20	21	20	18	22	16	12	5
187									



2. O TEATRO COMO ESTRATEXIA DOCENTE

REPRESENTACIÓNS TEATRAIS. APRENDIZAXE COMPETENCIAL.

O grupo de traballo “**O teatro como estratexia docente**”, de 30 horas de duración, solicitouse e púxose a andar por primeira vez no **curso 2018-2019**, dentro do ***Plan de Formación Permanente do Profesorado***.

Tivo continuidade nos seguintes cursos (incluso durante a pandemia), agás no 2022-2023, no que houbo que cancelalo por problemas de dispoñibilidade das persoas participantes.



Ao tratarse dun **grupo de traballo**, a formación consistiu:
nunha **investigación conxunta por parte do profesorado participante** tanto no referido
ao **texto dramático** como no que respecta ao **espectáculo teatral**
Tamén contamos con dous **relatores profesionais** que nos formaron ao longo dunhas tres
ou catro sesións cada curso. Estes relatores/formadores foron:



Silvia Casal



Pepablo Patinho

No centro pareceunos interesante recibir **a formación necesaria** para poder **organizar e dirixir un grupo teatral de alumnos e alumnas.**

Os nosos obxectivos eran:

1. Coñecer as claves para elaborar un texto teatral.

2. Poñer en práctica dito texto.

3. Aprender a construír un personaxe cuns trazos psicolóxicos e físicos moi definidos.

4. Asimilar estratexias para colocarse e moverse no escenario.

Pero tamén nos pareceu importante **poñer en práctica con nós mesmos aquilo que estabamos a investigar** e, así, presentar un **produto final, unha pección teatral feita polo profesorado para representar diante de toda a comunidade educativa a final de curso.**

Isto implica:

1. **Crear un texto teatral** propio cuxo argumento se adapte ao número de actores e actrices do elenco e aos intereses dun alumnado de idades tan variadas (dende EI ata a ESO)
2. **Poñerse sobre as táboas**, facer nós mesmos de actores e actrices
3. **Xestionar todo o referente ao vestiario, decorado, atrezzo, luces e son etc.**



Para isto contamos tamén coa colaboración doutros membros da comunidade educativa:

A profesora de Plástica da ESO, que se encarga da elaboración do decorado.

O profesor de Audición e Linguaxe, que nos fai os labores de técnico de luces e son.

Conseguimos tamén implicar ao **Concello de Valdoviño**, que nos cedeu **o auditorio da Casa da Cultura** ao longo destes cursos, non só para a **representación teatral**, senón tamén para os **ensaio do grupo de traballo**.



OBXECTIVOS DO GRUPO

- **Adquirir coñecementos e estratexias** para ser capaces de **xestionar e organizar un grupo de teatro escolar.**
- **Coñecer dinámicas teatrais** para **introducir nas clases de literatura e traballar co alumnado.**
- **Elaborar un texto teatral** seguindo as convencións propias do xénero.
- **Crear un personaxe de ficción** atendendo tanto *aos seus trazos psicolóxicos como físicos, planificando os seus xestos, voz, vestiario, desprazamentos no escenario...*
- **Participar como actores/actrices** na representación dunha peza teatral propia.

METODOLOXÍA

Ao tratarse dun grupo de traballo, aprovéitanse as **xuntanzas iniciais** do curso **para elaborar de xeito cooperativo o texto teatral**. Posteriormente, **cada actor/actriz prepara individualmente o seu personaxe** e, finalmente, logo **dalgunha sesión de lectura conxunta do texto, procédese xa aos ensaios**.

No que respecta aos formadores externos, as clases consistiron ata o momento tanto na **práctica de dinámicas de grupo para perder o medo escénico** e traballar a **improvisación**, como en sesións dedicadas a **corrixir e guiar o proceso de posta en escena dentro xa dos propios ensaios**.



Diferentes momentos dos ensaios



DINÁMICAS DE AULA

XOGOS OU DINÁMICAS DA ACTIVIDADE TEATRAL

AS CATRO ESQUINAS: Cada persoa se coloca nunha esquina imaxinaria e unha queda no centro. Poñéndose dacordo entre as esquinas intercámbianse os lugares. A persoa do centro ten que intentar colocarse nun dos sitios das persoas que se moven. A menos rápida queda no centro.

VARIANTE: As persoas que se intercambian son sempre as mesmas esquinas.

A ARAÑA:

A PALMADA: **XOGO DE CONCENTRACIÓN:** Nun círculo damos unha palmada xirándonos hacia a persoa do noso lado. En certo momento a persoa que o decida xira hacia o lado oposto e da a palmada para cambiar o sentido do círculo. **VARIANTE:** cando se dan dúas palmadas sáltase a persoa que temos ao lado. Este exercicio trátase de facer pouco a pouco aumentando a velocidade.

A PISTOLA:

XOGOS DE PRESENTACIÓN:

PELOTA E NOME: pasamos a pelota sempre á mesma persoa, dicindo o seu nome. Imos incluíndo ata tres pelotas. **VARIANTE:** sentados, pasamos a pelota sempre a mesma persoa, pero as persoas van cambiando de sitio.

NOMES: en círculo, dicimos o noso nome e facemos un xesto. Na segunda ronda dicimos os nomes dos demais e facemos tamén o seu xesto xunto co nome.

VARIANTE:

CASTING: nos primeiros días de clase. Por parellas e nun máximo de catro minutos nos presentamos ao compañeiro. Nesta presentación temos que incluír o que máis e o que menos nos gusta facer. Se non sabemos que máis dicir o compañeiro pode facernos preguntas. Pasados os catro minutos presentamos á nosa parella ao grupo contando o que esa persoa nos contou a nós.

MODELAR POR PARELLAS: Modelamos unha estatua no corpo do compañeiro. Os demais miran o sentimento que se quixo representar. Se estamos dacordo a estatua canta unha canción ou melodía nun dos tons que representen ese sentimento. **VARIANTE:** vólvese a facer a estatua e esta vez cántase co sentimento contrario ao representado. **VARIANTE:** dentro dun círculo, un móvese coa música ata que ao parar a música esa persoa quédase en forma estatua. Os demais deben interpretar a súa postura e interaccionar con el/ela.

PASAR A PELOTA CUNHA FRASE: en círculo pasar a pelota dicindo unha frase corta. Ex: “Quero unha pera”. Entonámola según nos van dicindo: enfadados, alegres, con sorpresa, dúbida, melancolía, sensualidade, ameazando....

deste xogo e proxectar a voz e que se escoite alto e claro ademais de vocalizar correctamente.

PAU CON PALABRAS: cun pau de vasoira, unha vez que para a música e no espazo onde quedamos, que non sexa círculo, pero o suficientemente cerca uns de outros, pasamos o pau a un compañeiro dicindo a palabra que empece pola letra que nos mandaron. Este compañeiro a outro, así ata que se cerra o círculo e vólvese a empezar. **VARIANTE:** o mesmo pero camiñando.

CAMIÑAR AO RITMO DA MÚSICA. Terá que haber músicas seguidas de moi diferentes ritmos.

VARIANTE: camiñar polo espazo mirando aos ollos aos compañeiros cos que te cruzas.

VARIANTE: camiñar saudando ao compañeiro co que te cruzas.

VARIANTE: cando se para a música agrupaste según o número que che marque o profesor. (un, catro, seis...). Os que quedan descolgados van quedando eliminados.

VARIANTE: cando pare a música, contámoslle ao compañeiro a mentira máis grande que se nos ocurra.

VARIANTE: camiñamos e cando nos din unha parte do corpo, paramos destacando esa parte. Ex: codos, rodillas, mans...

XOGO DE OBSERVACIÓN: camiñar polo espazo, cerrar os ollos e atender a unha sinal que deben recoñecer. No espazo ou nas persoas do grupo. Sinalar onde está a fiestra, onde está o estante, onde está a mesa. Quen leva un xerse azul, quen leva gafas...

EXERCICIO DE RELAX: **CAMIÑO DE SANTIAGO:** en parellas, quitamos os piollos por todo o corpo (pellízcase suavemente), despois lavamos á persoa (refrégase o corpo coas palmas abertas por todo o corpo), despois botamos xabrón, volvemos lavar e secamos enérxicamente.

A, E, I, O, U, TURURÚ: nun círculo imos pasando a pelota dicindo unha vocal. Cando chegamos a “Tururú” tratamos de darlle coa pelota no corpo. Esa persoa pasa para unha liña imaxinaria e os demais seguen xogando. Se a persoa “brilada” recupera a pelota porque esta se escapa, tira a dar a calquer compañeiro do círculo. Se lle da a alguén volve ao grupo. Se non segue no sitio onde está.

EXERCICIO DE CONCENTRACIÓN: camiñamos polo espazo e imos dicindo números seguidos, máis ou menos ata o 14. no momento en que alguén se pise a voz con outro, vólvese a empezar.

EXERCICIO DE CONCENTRACIÓN: saltamos nun círculo ao mesmo tempo, sentindo ao grupo. Trátase de concentración conxunta.

VARIANTE: o mesmo pero de espaldas no círculo.

MOVEMENTOS IGUAIS. ESPELLO: en parellas, enfrente un doutro facemos os mesmos movementos que a nosa parella ata conseguir que vaíamos ao mesmo tempo.

VARIANTE: o mesmo pero falando. Faise moi lentamente.

No noso centro, que é un CPI, sempre houbo inquiredanzas teatraís que se materializan en diversas actividades

3.1 TEATRO CON G

Todos os anos participamos no festival

"Teatro con G" organizado pola *Coordinadora de Equipas de Normalización Lingüística de Ferrolterra*.

Habitualmente participa o alumnado de **Educación Primaria**, mais algún ano tamén se formou grupo de teatro da **ESO**



3.2 RECITADO DE POESÍA CARVALHO CALERO

Tanto o alumnado de Primaria como de Secundaria, adoita asistir ao **recitado Carvalho Calero** que a mesma *Coordenadora* organiza a comezos de curso como colofón ao **"Teatro con G"** do curso anterior.

Neste caso, os recitados contan cunha parte de interpretación que ten moito que ver coa representación teatral.



As seguintes actividades teñen como fío condutor a **BIBLIOTECA** do centro. Moitas delas lévanse a cabo neste espazo, ou nacen da propia biblioteca. Este ano melloráronse varios aspectos:

- **Adaptación do espazo para poder facer as representacións**
- **Adquisición dun estor de vinilo que fai de fondo de escenario**



3.3 REPRESENTACIÓN DE OBRAS TEATRAIS POR PARTE DO ALUMNADO

O alumnado do centro, principalmente 5º e 6º de EP prepara de forma autónoma pequenas obras para representar na biblioteca. Este curso xa realizaron varias representacións:

- ***O segredo de Flora***
- Adaptación do libro ***O noso Samaín***



3.4 O KAMISHIBAI

O **KAMISHIBAI** ou teatro en papel é un recurso moi demandado polo noso alumnado. Os alumnos e alumnas de 5º e 6º representas diferentes contos a todo o alumnado de infantil e primaria durante os recreos, de xeito voluntario.



3.4 OBRAS CON MONICREQUES

3.5 CONTACONTOS



Contacontos *Pelos tortos*



Taller de técnicas para contar un conto

3.7 LECTURA DRAMATIZADA A GRUPOS DE ALUMNOS

3.7.1 Acompañamento lector

3.7.2 Día da Paz



O alumnado de 1ºda ESO preparou a dramatización do conto ***“Mil grullas”***

3.7.3 Día contra a violencia de xénero



Alumnas de 2º da ESO recitando poemas
e dramatizando cancións

3.8 ASISTENCIA COMO PÚBLICO A DIVERSOS ESPECTÁCULOS TEATRAIS

Ao longo do curso o noso alumnado asiste como público a diversos espectáculos teatrais